

## SUMARIO

- [1-4] NOVAS
- [2-3] IGAEM
- [3] Novidades editoriais
- [4] Centro Dramático Galego
- [4] Salón Teatro
- [5-7] AXENDA
- [8] ALERTA!
- [9] A REDE EN CIFRAS

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

Contidos:  
Área de Comunicación.

Supervisión lingüística:  
Área de Publicacións

Deseño gráfico: Uqui / Cebra

Fotografías: Arquivo IGAEM

D.L.: C-826-06

## O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO INAUGURA A TEMPORADA TEATRAL CON 'O REGRESO AO DESERTO'

CRISTINA DOMÍNGUEZ DIRIXE ESTA MONTAXE DA OBRA DE KOLTÈS, QUE SERÁ ESTREADA EN SANTIAGO O 20 DE OUTUBRO

O CDG TAMÉN PRODUCIRÁ OS ESPECTÁCULOS 'TARARÁ-CHIS-PUM', DE ARTELLO, E 'A PIRAGUA', DE CÁNDIDO PAZÓ

O Centro Dramático Galego (CDG) erguerá o pano da súa nova temporada teatral coa estrea, o vindeiro día 20 no Salón Teatro de Santiago, do espectáculo *O regreso ao deserto*, do autor francés Bernard-Marie Koltès. A directora da compañía pública, Cristina Domínguez, púxose á fronte da que será a primeira montaxe dun programa que se estenderá até o mes de xuño e no que se insiren, así mesmo, outras dúas producións propias: *Tarará-chis-pum*, creación colectiva da compañía Artello Teatro Alla Scala 1:5, e *A piragua*, que escribirá e dirixirá Cándido Pazó na súa condición de primeiro dramaturgo residente do CDG.

A montaxe de *O regreso ao deserto*, comedia cargada de sarcasmo e ironía, supón a incorporación ao repertorio en galego dunha das figuras máis destacadas e representadas do teatro europeo contemporáneo. As obras de Koltès (Metz, 1948-París, 1989) axiña foron estreadas por importantes nomes da dirección escénica, que souberon tirar proveito da súa

volta a principios dramáticos xa esquecidos, como a tensión e a loita entre contrarios omnipresente no texto que sube agora aos escenarios da man do Centro Dramático Galego.

Catorce actrices e actores (Luísa Merelas, Celso Parada, Toni Salgado, Rocío González, Alberto Rolán, Ursia Gago, Josefa Barreiro, Pilar Pereira, Manuel Areoso, Robert Matthews, Moaed Azibou, César Goldi, Alfredo Rodríguez e Vicente Montoto) conforman o elenco deste espectáculo, para o que tamén se conta co espazo escénico de Xoán Anleo, a música de Ugia Pedreira, a iluminación de Octavio Mas e o vestuario deseñado por La Canalla.

O espectáculo será exhibido no Salón Teatro, con funcións de mércores a domingo, até o 19 de novembro, data trala que iniciará unha xira por diferentes escenarios galegos

[continúa na pantalla seguinte]



Cristina Domínguez, Ánxela Bugallo e Cándido Pazó, na presentación da nova temporada do CDG. FOTO: AGN

"A Piragua"  
Autor: Cándido Pazó  
Dirección: Cándido Pazó  
Do 13 de abril ao 13 de maio de 2007  
Estrea: 13 abril 2007

Coprodución CDG e Pista catro  
"Kamikaze"  
Dirección: Hernán Gené  
15-16-17 de xuño de 2007

[vén da pantalla anterior]

*O regreso ao deserto* sitúase nos anos sesenta, nunha vila de provincias francesa á que *Mathilde* regresa, tras moitos anos de estadía en Alxeria, para vingarse das afrontas do pasado. Escrita como unha obra lúdica –o propio autor recoñeceu que esta foi a primeira peza na que quixo que predominase o cómico–, nela mestúranse “temas espléndidos para facer rir”, como as historias familiares de cobiza, herdanzas e fillos ilexítimos, con outros que o son menos, como a presenza difusa e inquietante da guerra de Alxeria.

A representación dos grandes repertorios dramáticos contemporáneos, dentro dos que a obra de Koltés ocupa un merecido lugar, é unhas das liñas de traballo nas que se sustenta a temporada 2006-2007 do CDG, deseñada co obxectivo de atraer, fidelizar e diversificar públicos. Neste mesmo sentido, a nova programación reforza a aposta da compañía pública polo teatro pensado para os espectadores máis novos, de xeito que, ademais de continuar coas representacións da montaxe *A cabana de Babaigá*, producirá unha versión renovada do pri-

meiro espectáculo profesional de teatro infantil realizado en Galicia: *Tarará-chispum*. Neste reencontro coa peza que o grupo Artello estreou en 1978, e que regresará a escena en febreiro cun novo elenco, respectarase no esencial a estrutura dramática orixinal e, sobre todo, o seu espírito de autoría colectiva.

A promoción da escrita teatral é outra das prioridades para Cristina Domínguez nesta nova etapa do Centro Dramático Galego, que vén de establecer a residencia dun autor galego por cada temporada teatral como mecanismo para impulsar diferentes iniciativas a prol da nosa dramaturxia. Cándido Pazó é, pois, o primeiro dramaturgo residente do CDG, encargado tanto da coordinación das actividades do novo Centro de Creación Dramática Contemporánea, como de escribir e dirixir a terceira das producións da temporada que, baixo o título de *A piragua*, será representada a partir de abril. Coa elaboración desta peza, afondarase nunha experiencia de creación na que, a partir dunha simple anécdota, se desenvolva un discurso dramático que leve ao espectador a descubrir a liña argumental principal, que neste caso xirará arredor da violencia doméstica ■

## O IGAEM CONTRIBÚE Á FINANCIACIÓN DE GALICREQUES E DO FESTIVAL INTERNACIONAL OUTONO DE TEATRO

O IGAEM, dentro dos seus fins de promoción do teatro e da danza, colabora economicamente coas edicións de 2006 de Galicreques, que se desenvolve do 2 ao 8 de outubro en Santiago de Compostela, Lugo e Betanzos; e do Festival Internacional Outono de Teatro, que ten a súa programación central no Pazo da Cultura de Carballo do 14 de outubro ao 1 de novembro.

Para a undécima celebración do Festival Internacional de Títeres Galicreques, a Asociación Cultural Barriga Verde, organizadora do evento, percibirá 30.000 euros do IGAEM como contribución para conformar unha programación dedicada ao teatro de títeres e os seus diferentes estilos, orientada a todos os públicos e con exhibicións en teatros e rúas das tres localidades participantes. Compañías como La Gaviota (Madrid), Kristall Puppeters (Kenia), Hugo e Inés (Perú), Asomados y Escondidos (Arxentina), Cristóforo Colombo (Arxentina), Raphael Müller (Alemaña), Mamulengo Presepada (Brasil), Plansjet (Bélxica), La Enana Naranja (Euskadi), ademais das galegas Sala Yago e Caramuxo son algunhas das agrupacións que presentarán os seus espectáculos na edición de 2006 do Galicreques.

No caso do XV Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) que cada ano organiza a Asociación Cultural Telón e Aparte en colaboración co Concello de Carballo, o IGAEM destinará 6.000 euros. Aínda que algunhas das súas actividades se celebran xa desde o

mes de setembro, este festival condensa a súa programación no ciclo de teatro que ten lugar na segunda quincena do mes de outubro. As propostas de grupos galegos como Teatro do Noroeste con *Imperial Café Cantante* e Sarabela Teatro con *Macbeth*, compartirán este ano o escenario do Pazo da Cultura de Carballo con grupos de sona nacional e internacional como Tanttaka Teatros, a compañía de Miguel Narros, Titzina Teatro, Triclinium Teatro, Teatro do Chapito ou Los Malcoma. Outras iniciativas que se desenvolven no FIOT son o Concurso Escolar de Teatro Lido “Xosé Manuel Eirís”, o Certame Galego de Dramatización de Monólogos Cómicos ou a Mostra de Contacontos ■



Macbeth, de Sarabela

## REDEDANZA E REDESONS APORTAN 34 FUNCIÓNS DE DANZA CONTEMPORÁNEA E 54 CONCERTOS DE JAZZ E MÚSICA DE CÁMARA Á REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

A Rede Galega de Teatros e Auditorios estreou o pasado setembro as programacións de danza contemporánea e música incluídas en Rededanza, Redesons Jazz e Redesons Clásica, mediante as que se aportarán no último cuadrimestre de 2006 un total de 88 funcións destes ámbitos artísticos (34 de danza e 54 de música) a este circuito de distribución de espectáculos que promove o IGAEM. A incorporación destes tres novos programas supón un volume de contratación de 263.340,62 euros (148.047,31 euros a cargo do IGAEM e 115.297,31 euros dos concellos participantes).

O espectáculo *N8 OHX* da compañía Pisando Ovos inaugurou o 8 de setembro no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa, a programación de Rededanza, que está a ter lugar en 9 escenarios –Auditorio Municipal de Cangas, Teatro Rosalía de Castro da Coruña, Pazo da Cultura de Carballo, Auditorio Municipal e Teatro Principal de Ourense, Auditorio Municipal Cine Alovi das Pontes, Auditorio Municipal Hernán Naval de Ribadeo e Auditorio Carmen Estévez de Vilalba, ademais do Auditorio Municipal de Vilagarcía– coa participación de 14 compañías, 8 galegas (B Studio, Ballet Jesús Quiroga, Disque Danza, Druída Danza, Experimenta Danza, Inquedanza, Nova Galega de Danza, Pisando Ovos) e 6 de fóra de Galicia (10&10 Danza, Arrieritos, Date Danza, Larumbe Danza, Patas Arriba, Pepe Hevia).



Inquedanza: *En la cuenca de tus ojos* (ANA B. PÉREZ)

Canto á música, Redesons Jazz deu comezo o pasado día 30 de setembro en Gondomar cun concerto do Jazz Vides Quarter. Un total de 17 grupos e intérpretes galegos conforman este cartel, que se desenvolve en 9 concellos (Arteixo, Foz, Gondomar, Ribadeo, Sada, San Sadurniño, Vilagarcía, Viveiro e Xove). Redesons Clásica celébrase a partir do 11 de outubro en 8 localidades (O Barco, Carballo, Foz, Sada, San Sadurniño, Vilagarcía, Viveiro e Xove), onde actuará un total de 20 formacións, todas elas galegas ■

### A CONSELLERÍA DE CULTURA ORGANIZA UNHA PROGRAMACIÓN ESPECÍFICA DE MAXIA PARA 40 CONCELLOS GALEGOS

A Consellería de Cultura e Deporte, a través do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, está a organizar unha programación

estable de maxia que se desenvolverá nos últimos dous meses de 2006 en 40 concellos galegos, e para a que se conta coa colaboración da Asociación de Magos Profesionais de Galicia.

O proxecto ten como obxectivo principal a promoción da maxia galega mediante o acceso do público de diferentes municipios ao traballo realizado polos magos da nosa Comunidade. Para este fin, a devandita asociación preparou distintos espectáculos, resultantes cada un deles da participación -cambiante segundo datas e localidades- de catro magos que actuarán consecutivamente durante uns 90 minutos en total.

Os concellos interesados asumirán ao 50% coa Administración o caché do espectáculo e serán seleccionados segundo a orde de entrada da súa solicitude no rexistro da Asociación de Magos Profesionais de Galicia ■

## UN TOTAL DE 49 ORIXINAIS OPTAN Á EDICIÓ 2006 DOS PREMIOS ÁLVARO CUNQUEIRO E MANUEL MARÍA PARA TEXTOS TEATRAIS

Un total de 49 textos optan á convocatoria de 2006 dos premios Álvaro Cunqueiro e Manuel María que convoca o IGAEM para o fomento da creación literaria no ámbito dramático, dentro do seu obxecto básico de desenvolvemento da política cultural en relación coa produción, promoción e difusión das actividades teatrais.

Para a décimo quinta edición do Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, haberanse de valorar 24 obras, en tanto que para a primeira edición do Manuel María de literatura dramática infantil, foron 25 os textos recibidos. Está previsto que o xurado emita o seu dictame para ambos galardóns na última semana de outubro en Santiago de Compostela.

A concesión dos premios comprende a dotación económica de 6.000 euros para o Álvaro Cunqueiro e 4.000 para o Manuel María, así como a publicación das obras premiadas dentro das coleccións de libros de teatro que mantén abertas o IGAEM.

Poideron concorrer textos teatrais inéditos escritos en galego conforme á normativa vixente, non representados e non premiados anteriormente noutros concursos. As propostas poden ser de tema e extensión libres, quedando excluídas unicamente as obras de teatro breve e os textos para teatro de títeres ■


# novidades editoriais

## Eclipses

Manuel Lourenzo

Edicións Laiovento  
Nº 208. Teatro  
ISBN: 84-8487-094-4  
PVP: 15 €

Baixo este título, reúnen tres pezas teatrais a través das que Manuel Lourenzo dirixe unha ollada irónica ao ambiente que envolve a escena (*A prea*), ofrece uns breves apuntamentos sarcásticos sobre a vida social, artística e política en diversos momentos da historia (*Eclipses*), e dálle protagonismo aos que, malia ter atravesado o río que separa a vida da morte, manteñen a súa teima por continuar a experimentar as emocións humanas (*Crónica funesta de alemparte*) ■



## A CABANA DE BABAIAGÁ REGRESA AOS ESCENARIOS CON NOVAS FUNCIÓNS ESCOLARES

O Centro Dramático Galego retoma este mes a campaña escolar que iniciara en marzo con *A cabana de Babaiagá*, espectáculo de música e narración oral destinado ao público infantil de entre 6 e 11 anos. Para esta montaxe, dirixida e interpretada por Paula Carballeira, adaptouse un conto tradicional ruso a partires do que se fía unha serie de pezas recollidas dos máis afamados compositores do leste de Europa.

A historia de Natasha e da bruxa Babaiagá regresa aos escenarios galegos con funcións no Teatro Principal de Ourense (días 4 e 5 de outubro, ás 10.00 e ás 12.00 horas; e día 6, ás 11.00 e ás 20.30 horas), no Pazo da Cultura de Carballo (do 9 ao 11, ás 10.00 e ás 12.00 horas) e no Teatro Municipal Lauro Olmo do Barco (días 17 e 18, ás 11.00 horas; día 19, ás 10.00 e ás 12.00; e día 20, ás 11.00 e ás 20.00 horas). Todas as representacións programadas pola mañá están dirixidas a colexios, mentres que as de tarde están abertas ao público familiar.


O espectáculo fálanos doutras terras, doutros costumes e de como a valentía e a loita por romper límites e por se introducir no terreo do descoñecido ten a súa recompensa nunha aprendizaxe que permite coñecérmolos un pouco máis. O misterio, o humor e a aventura son algúns dos atractivos deste conto, potenciados pola música en directo que contribúe a recrear a atmosfera evocadora da estepa rusa ■

## A COPRODUCCIÓN DE KAMIKAZE CON PISTACATRO ABRE UNHA NOVA LIÑA DE COLABORACIÓN COAS COMPAÑÍAS PRIVADAS

No marco das novas liñas de actuación que o Centro Dramático Galego comezará a desenvolver durante a temporada 2006-2007, destaca a apertura dunha liña de coprodución con compañías galegas que, recuperando un xeito de colaboración que xa fora empregado nos primeiros anos da compañía pública, suporá unha nova vía de apoio ao sector privado, ao tempo que abrirá as portas do CDG a innovadoras propostas escénicas.

A esta aposta polas novas linguaxes escénicas responde a primeira coprodución que, baixo o título *Kamikaze*, será realizada xunto ao grupo de nova creación PistaCatro, especializado en novo circo. De feito, este espectáculo –con data de estrea prevista para xuño de 2007– será o primeiro asinado por PistaCatro Produtora de Soños como compañía.

Hernán Gené dirixirá esta montaxe rompedora e multidisciplinar, na que



Paula Carballeira

se ensamblarán as experiencias e coñecementos dos seus intérpretes, procedentes do circo, do teatro e da música, para dar forma a unha metáfora visual e irónica das relacións entre as persoas, do poder, da individualidade e do resultado de compartir as diferenzas cun obxectivo común ■

## O CDG E LAIOVENTO COEDITARÁN A COLECCIÓN ESCENA ABERTA

O Centro Dramático Galego busca fornecer o seu papel como dinamizador das artes escénicas a través dun programa de actuacións en varias fronteiras, no que se insiren diferentes proxectos editoriais dirixidos a impulsar a publicación da escrita teatral galega e universal empregando a fórmula da coedición.

Neste sentido, a compañía pública asinará un convenio con Edicións Laiovento para a posta en marcha dunha nova colección denominada *Escena Aberta*, na que publicará os textos das súas producións. Nesta nova serie, primará a función do libro como material de traballo, tentando aportar elementos prácticos e buscando a simplicidade no deseño para dar prioridade ao material textual sobre o visual.

Ao tempo, o CDG favorecerá a publicación en galego e en formato de “cadernos de teatro” dos textos das coproducións nas que participe e das obras resultantes dos diferentes obradoiros de escrita teatral que poña en marcha o seu Centro de Creación Dramática Contemporánea ■

## NOVA PROGRAMACIÓN DO SALÓN TEATRO DE SANTIAGO

O Centro Dramático Galego asume a partir da temporada 2006-2007 a xestión directa do Salón Teatro de Santiago, onde ten ademais a súa sede administrativa. O obxectivo é que este histórico espazo compoñan un conte cunha programación continuada, baseada na pluralidade e calidade das propostas que nel se exhiban, converténdose nun referente da exhibición escénica, tanto para a cidade de Santiago e a súa área metropolitana como para o resto de Galicia ■

20 DE OUTUBRO-19 DE NOVENBRO

### CENTRO DRAMÁTICO GALEGO: *O regreso ao deserto*

de B.-M. Koltès,  
dirixido por Cristina Domínguez.

**Funcións de estrea:** días 20 e 21 de outubro,  
ás 21.00, e día 22 ás 18.00

**Funcións de mércores a domingo**  
até o 19 de novembro: mércores ás 11.00  
(funcións escolares, agás o 1 de novembro:  
función ás 20.30); xoves, venres e sábado  
ás 20.30, e domingo ás 18.00

21-30 DE NOVENBRO

### CINEUROPA

Días 21, 22, 23, 27, 28, 29 e 30

25 DE NOVENBRO

### GALA DO CERTAME DE CREACIÓN COREOGRÁFICA DE GALICIA

Representación das propostas finalistas  
deste certame que organiza o IGAEM.

21.00

2 E 3 DE DECEMBRO

### UROC TEATRO E CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL:

*El señor Ibrahim  
y las flores del Corán*

de Eric-Emmanuel Schmitt,  
con versión e dirección de Ernesto Caballero.

Sábado 2 ás 20.30 / Domingo 3 ás 18.00

16 E 17 DE DECEMBRO

### FILA 7: *Lorca eran todos*

Autoría e dirección de Pepe Rubianes.

Sábado 16 ás 20.30

Domingo 17 ás 18.00

21 E 22 DE DECEMBRO

### TEATRO NACIONAL S. JOÃO: *Woyzeck*

de Georg Büchner,  
dirixido por Nuno Cardoso.  
20.30

26-30 DECEMBRO

### SEMANA DE TEATRO INFANTIL

Martes 26

ACHIPERRE TEATRO: *Enrique V*

Mércores 27

TALÍA TEATRO: *O merlo branco*

Xoves 28

DISQUE DANZA: *Menú vexetal*

Venres 29

SAPRISTI TEATRO: *Unha merenda de Alicia*

Sábado 3

EXPERIMENTA DANZA: *Arte a escena*

Todas as funcións ás 19.00



01  
DOMINGO

*Tentro do Morcego*

**Pepe Hevia**  
*Delicado abismo*  
A Coruña 20.30  
TEATRO ROSALÍA DE CASTRO

**Títeres Cachirulo**  
*O libro da selva*  
Lugo  
PRAZA DO CAMPO CASTELO

**CDG**  
*A cabana de Babaiaagá*  
Ourense 10.00 e 12.00  
(Funcións escolares)  
**TEATRO PRINCIPAL**

**Teatro do Atlântico**  
*A raíña da beleza*  
de Leenane  
Arteixo  
CENTRO CÍVICO CULTURAL

**Teatro del Noctámbulo**  
*O búfalo americano*  
A Estrada  
TEATRO PRINCIPAL

**Teatro do Morcego**  
*Farsa de Bululú,*  
*homenaxe a Manuel María*  
O Barco 22.30  
TEATRO LAURO OLMO

**CDG**  
*A cabana de Babaiaagá*  
Ourense 11.00 (función  
escolar) e 20.30  
TEATRO PRINCIPAL

**Xirriquiteula Teatre**  
*Papirus*  
Tui  
TEATRO MUNICIPAL  
ÁREA PANORÁMICA

**Miki Nervio & The Bluesmakers**  
Gondomar 22.30  
AUDITORIO MUNICIPAL  
LUIS TOBÍO

**Ancora Produccions**  
*Final de película*  
Narón 20.00  
AUDITORIO MUNICIPAL

**Sala Yago**  
*Cucho, Coco e o dilema do 6*  
Lugo  
PRAZA DO CAMPO CASTELO

**Lagarta Lagarta**  
Carambola  
(cóncavo, convexo)  
Viveiro 20.30  
TEATRO PASTOR DÍAZ

**DaTe Danza**  
*Alonso Quijano el Bueno*  
Cangas  
AUDITORIO MUNICIPAL

**BStudio**  
De meu  
Vilalba  
AUDITORIO MUNICIPAL  
CARMEN ESTÉVEZ

**A Factoria Teatro**  
*Os homes só  
contan ata tres*  
As Pontes  
AUDITORIO CINE ALOVI

**Sapristi**  
So, sobre  
Sanxenxo  
PAZO EMILIA PARDO BAZÁN

**Fulano, Mengano  
e Citano**  
*O faro*  
San Sadurniño 19.30  
CENTRO SOCIOCULTURAL

**Teatro Bruto**  
*En punto*  
Lugo, dous pases  
NA RÚA

**Teatro do Atlântico**  
A raíña da beleza de  
Leenane  
Ribadeo  
AUDITORIO HERNÁN NAVAL

**Talía Teatro**  
*Mundos contados*  
Cee  
SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO

**Caramuxo Teatro**  
*Teatre Varietés*  
Lugo  
NA RÚA

**CDG**  
*A cabana de Babaiaagá*  
Carballo 10.00 e 12.00  
(Funcións escolares)  
PAZO DA CULTURA

**Talía Teatro**  
*Mundos contados*  
Cee  
SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO



**CDG**  
*A cabana de Babaiaagá*  
Carballo 10.00 e 12.00  
(Funcións escolares)  
PAZO DA CULTURA

**Arte en Parte**  
(Dúo de guitarras)  
0 Barco 20.30  
TEATRO MUNICIPAL  
LAURO OLMO

**Anacaona Latin Jazz**  
Gondomar 22.30  
AUDITORIO MUNICIPAL  
LUIS TOBÍO

**Teatro do Atlântico**  
*Memória do 36*  
Foz  
SALA BAÍA

**CDG**  
*A cabana de Babaiaagá*  
Carballo 10.00 e 12.00  
(Funcións escolares)  
PAZO DA CULTURA

**Caramuxo Teatro**  
*Historia dunha semente*  
Lugo  
PRAZA DO CAMPO CASTELO

**Teatro Galileo**  
*O avaro*  
Burela 21.30  
CASA DA CULTURA

**A Factoría Teatro**  
*Os homes só  
contan ata tres*  
Lalín 21.30  
NOVO SALÓN TEATRO

**Sarabela Teatro**  
*Macbeth*  
A Estrada  
TEATRO PRINCIPAL

**Ludus Tonalis**  
*Xogos tonais*  
San Sadurniño 12.30  
CENTRO SOCIOCULTURAL

03  
MARTES

04  
MÉRCORES

05  
XOVES

06  
VENRES

07  
SÁBADO

08  
DOMINGO





09  
LUNS


10  
MARTES

**11**  
MÉRCORES

12  
XOVES

13  
VENRES

|                |                                                                                                                              |                                                                                                        |                                                                                                                |                                                                                                             |                                                                                         |                                                                                                        |                                                                                                    |                |                |
|----------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|----------------|
| 14<br>SÁBADO   | <b>Charo Pita/<br/>Manuel Vilas</b><br><i>Miniaturas medievais</i><br>Sada 21.00<br>CASA DA CULTURA P. LLORENS               | <b>Teatro do Noroeste</b><br><i>Imperial Café Cantante</i><br>Carballo<br>PAZO DA CULTURA              | <b>Teatro del Andamio</b><br><i>Que che conten<br/>un conto</i><br>Vigo<br>AUDITORIO MUNICIPAL                 | <b>Nove Dous</b><br><i>Ondas</i><br>Vilanova de Arousa<br>CASA DA CULTURA DO ESTEIRO                        | <b>Druída Danza</b><br><i>20 anos non é nada</i><br>Vilalba<br>AUDITORIO CARMEN ESTÉVEZ | <b>Experimenta Danza</b><br><i>Meltemi</i><br>Cangas<br>AUDITORIO MUNICIPAL                            | <b>Patas Arriba</b><br><i>Islas</i><br>Ourense<br>TEATRO PRINCIPAL                                 | 14<br>SÁBADO   |                |
| 15<br>DOMINGO  |                                             | <b>Sapristi</b><br><i>So, sobre</i><br>Sada<br>CASA DA CULTURA<br>PINTOR LLORENS                       | <b>Teatro do Atlántico</b><br><i>Memoria do 36</i><br>Arteixo<br>CENTRO CÍVICO CULTURAL                        |                          |                                                                                         |                                                                                                        |                 | 15<br>DOMINGO  |                |
| 16<br>LUNS     | <b>Modern Mozart</b><br>Xove 15.00 h<br>CENTRO CÍVICO                                                                        |                                                                                                        |                                                                                                                |                                                                                                             |                                                                                         |                                                                                                        |                                                                                                    | 16<br>LUNS     |                |
| 17<br>MARTES   |                                             | <b>CDG</b><br><i>A cabana de Babaigá</i><br>O Barco 11.00<br>(Función escolar)<br>TEATRO LAURO OLMO    |                              |                                                                                                             |                                                                                         |                                                                                                        |                                                                                                    | 17<br>MARTES   |                |
| 18<br>MÉRCORES |                                             | <b>CDG</b><br><i>A cabana de Babaigá</i><br>O Barco 11.00<br>(Funcións escolares)<br>TEATRO LAURO OLMO |                              |                                                                                                             |                                                                                         |                                                                                                        |                                                                                                    | 18<br>MÉRCORES |                |
| 19<br>XOVES    | <b>Migallas Teatro</b><br><i>Canta contos</i><br>As Pontes<br>CASA DO PESO                                                   | <b>Teatro Buratini</b><br><i>Tic Tac, sons dunha nave</i><br>Silleda 11.00<br>CASA DA CULTURA          | <b>CDG</b><br><i>A cabana de Babaigá</i><br>O Barco 10.00 e 12.00<br>(Funcións escolares)<br>TEATRO LAURO OLMO |                           |                                                                                         |                                                                                                        |                                                                                                    | 19<br>XOVES    |                |
| 20<br>VENRES   | <b>Cuarteto Agógica</b><br><i>Integral dos cuarteto<br/>con frauta de Mozart</i><br>Sada 21.00<br>CASA DA CULTURA P. LLORENS | <b>Teatro Cachuzo</b><br><i>Charlie's Angel's Sex</i><br>Cedeira<br>AUDITORIO MUNICIPAL                | <b>CDG</b><br><i>A cabana de Babaigá</i><br>O Barco 11.00 (función<br>escolar) e 20.00<br>TEATRO LAURO OLMO    | <b>Teatro do Atlántico</b><br><i>A rainha da beleza<br/>de Leenane</i><br>Vigo<br>CENTRO CULTURAL CAIXANOVA | <b>Teatro de Ningures</b><br><i>Tartufo</i><br>Noia 21.30<br>TEATRO COLISEO NOELA       | <b>CDG</b><br><i>O regreso ao deserto</i><br>Santiago 21.00<br>SALÓN TEATRO<br>(Estrea con invitación) | <b>O REGRESO AO DESERTO</b><br>de Bernard-Marie Koltès<br><br>Dirección: Cristina Domínguez Dapena |                | 20<br>VENRES   |
| 21<br>SÁBADO   | <b>Andrómena Teatro</b><br><i>A porta pechada</i><br>A Coruña<br>FORUM METROPOLITANO                                         | <b>Daniela Stagnitto</b><br><i>Concerto lírico</i><br>Sada<br>CASA DA CULTURA<br>PINTOR LLORENS        | <b>Teatro do Noroeste</b><br><i>Imperial Café Cantante</i><br>Ourense<br>TEATRO PRINCIPAL                      | <b>Santart</b><br><i>Búscase clown vello</i><br>Sanxenxo<br>PAZO EMILIA PARDO BAZÁN                         | <b>Inquedanza</b><br><i>En la cuenca de tus ojos</i><br>Cangas<br>AUDITORIO MUNICIPAL   | <b>CDG</b><br><i>O regreso ao deserto</i><br>Santiago 21.00<br>SALÓN TEATRO                            |               |                | 21<br>SÁBADO   |
| 22<br>DOMINGO  | <b>Teatro do Noroeste</b><br><i>Imperial Café Cantante</i><br>Ourense<br>TEATRO PRINCIPAL                                    | <b>Fulano, Mengano<br/>e Citano</b><br><i>O faro</i><br>Betanzos<br>CASA DA CULTURA                    | <b>Teatro Cachuzo</b><br><i>Charlie's Angel's Sex</i><br>Ribadeo<br>AUDITORIO MUNICIPAL<br>HERNÁN NAVAL        | <b>CDG</b><br><i>O regreso ao deserto</i><br>Santiago 18.00<br>SALÓN TEATRO                                 |                                                                                         |                                                                                                        |               |                | 22<br>DOMINGO  |
| 24<br>MARTES   | <b>Talía Teatro</b><br><i>Bicos con lingua</i><br>Tui<br>TEATRO MUNICIPAL<br>ÁREA PANORÁMICA                                 |                     |                                                                                                                |                                                                                                             |                                                                                         |                                                                                                        |                                                                                                    |                | 24<br>MARTES   |
| 25<br>MÉRCORES |                                           |                                                                                                        |                                                                                                                |                                                                                                             |                                                                                         | <b>CDG</b><br><i>O regreso ao deserto</i><br>Santiago 11.00<br>SALÓN TEATRO<br>(Función escolar)       |               |                | 25<br>MÉRCORES |
